

“TFGs solidarios. Curso 2024/25 ”

OBXECTIVO/CONTEXTO

Realización de Traballos Fin de Grao en colaboración con entidades con fines sociais.

Dotaranse dúas axudas para estudantes do *Grao En Enxeñaría Informática* e una axuda para estudantes do *Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos*.

As **bases e criterios desta convocatoria** son as seguintes:


I. Requisitos:

- Para o **Grao en Enxeñaría Informática**:
 - O/a estudante debe estar a cursar a materia de Traballos Fin de Grao dalgunha das especialidades deste grao, e elixir algún dos seguintes TFGs:
 1. *Aplicación móbil para acondicionamiento físico e monitorización dos seus efectos en pacientes.*
 2. *Aplicación web para analizar e mellorar a accesibilidade en parques infantís para menores con discapacidade.*
 3. *Aplicación web ENKI para a Xestión de Campamentos Inclusivos.*
 4. *Combatendo a discriminación e delitos de odio coa palabra: mantemento e extensión dun chatbot asistencial.*
 5. *Ferramenta interactiva para a análise de accesibilidade na reforma dunha vivenda mediante tecnoloxías de Realidade Virtual.*
 6. *Non é una opinión, é discurso de odio: chatbot asistencial para detección de discurso de odio e desinformación en redes sociais.*
 - Entre os/as estudantes que fosen asignados/as polo centro a estes TFGs, asignaranse as bolsas ás dúas persoas coa nota de expediente académico máis alta.
- Para o **Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos**:
 - O/a estudante debe estar a cursar a materia de Traballos Fin de Grao, e elixir algún dos seguintes TFGs:
 1. *Aplicación móbil para acondicionamiento físico e monitorización dos seus efectos en pacientes*
 2. *Desenvolvemento e avaliación de tecnoloxías de IA para combater o discurso de odio e a discriminación en redes sociais.*
 - Entre os/as estudantes que fosen asignados/as polo centro a estes TFGs, asignarase a bolsa á persoa coa nota de expediente académico máis alta.

II. Características e condicións de disfrute

- O/a estudante debe comprometerse a seguir as indicacións do seu director/a académico/a e manter unha comunicación fluida coa entidade interesada no traballo.
- O traballo deberá ser publicado no repositorio <https://github.com/orgs/TsolidarioFG/>, baixo alguna licenza de software libre.

Código Seguro De Verificación	OOTAowSYw06WIXwUCz7CzQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Luís María Hervella Nieto	Asinado	30/10/2024 13:19:56
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OOTAowSYw06WIXwUCz7CzQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- A persoa que disfrute dunha destas bolsas se compromete á finalización e presentación do seu TFG en algunhas das convocatorias asociadas ao presente curso académico, 2024/25, na que debe obter, polo menos, a cualificación de Aprobado. De non ser así, non se liberaría o pago da segunda metade da bolsa.

III. Dotación económica

- Cada una das bolsas contará cunha axuda de 3.200 €.
- O monto total da bolsa dividirase en dúas partes:
 - 50 % (1.600 €) ao comezo do traballo.
 - 50 % (1.600 €) despois de obter una cualificación mínima de “Aprobado” en alguna das convocatorias de defensa dos TFGs do presente curso académico, 2024/25.

IV. Avaliación das solicitudes

- O director da Cátedra NTT Data en Diversidade e Tecnoloxía, Luis Hervella Nieto, será o encargado de avaliar e conceder as solicitudes, unha vez cumpridos os requisitos reflectidos.

V. Documentación a aportar

Para a solicitude desta axuda, as persoas solicitantes terán que entregar:

- *Un documento asinado onde declaren o seu interese en disfrutar da bolsa, así como o permiso para a consulta do seu expediente académico.*

VI. Formalización das solicitudes

- As solicitudes deberanse presentar directamente ao director da Cátedra NTT Data en Diversidade e Tecnoloxía, Luis Hervella Nieto, xa sexa en formato físico ou dixital.

VII. Resolución

As comunicacións realizaranse a través de correo electrónico e/ou Teams.

A resolución provisional de solicitudes admitidas publicarase na páxina web da Cátedra NTT Data en Diversidade e Tecnoloxía (<https://www.fundacion.udc.es/catedra-nttdata/>) antes do 05 de decembro de 2024. O prazo de reclamación e subsanación será de 2 días hábiles a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar dita publicación.

A resolución definitiva publicarase, na mesma web, antes do 20 de decembro de 2024.

A Coruña, 30 de outubro de 2024.

Código Seguro De Verificación	OOTAowSYw06WIXwUCz7CzQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Luis María Hervella Nieto	Asinado	30/10/2024 13:19:56
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/OTAowSYw06WIXwUCz7CzQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

